

Bloque 4. Tema 29.

As grandes reformas da II República

Tras a vitoria dos partidos republicanos nas grandes cidades e capitais de provincia nas eleccións municipais convocadas polo almirante Aznar, o 12 de abril de 1931, o rei Alfonso XIII renuncia ao trono e marcha de España, dando pé a un cambio de sistema político, proclamándose a Segunda República. O Goberno Provisional, presidido por Niceto Alcalá-Zamora, inciou unha serie de reformas que máis tarde serían sancionadas pola Constitución.

As reformas (tres delas xa implantadas desde o mesmo ano 1931) **atacaron moitos dos problemas enquistados na vida política española:**

→ **A reforma do exército** tiña como obxectivos **reducir o número de oficiais** e modernizar as súas estruturas e equipamento. **Elimináronse tres das cinco academias militares** existentes, plantexouse un sistema de retiros anticipados co soldo íntegro para reducir o número de oficiais, creouse un corpo para manter a orde pública nas cidades e leal ao principios da República (os **Gardas de Asalto**), **eliminouse a “Lei de Xurisdiccións”** e someteuse aos militares ao sistema político, obrigándoos a xurar fidelidade á República.

→ **Outra das reformas foi a educativa**, co intento de **eliminar o grave problema do analfabetismo**, que en rexións como Andalucía alcanzaba porcentaxes próximos ao 50%. Para isto **creáronse numerosas escolas e institutos e formouse aos profesores nos sistemas pedagóxicos máis innovadores**, seguindo a estela da Institución Libre de Enseñanza. A idea era establecer un **ensino laico, obrigatorio e gratuíto** que elevara o nivel de formación da poboación española como paso necesario para unha modernización do Estado. Tentouse levar a cultura ao rural, pero sen desmerecer a sabedoría popular que podía ofrecer este medio.

Entre outras experiencias cabe destacar ás **Misións Pedagóxicas** (que levaron cine, teatro, conferencias e libros a onde non chegaba este tipo de cultura) ou ás **compañías teatrais (como La Barraca, dirixida por García Lorca**, que fixeron representacións polos pobos de obras clásicas e populares).

O grande problema que se atopou esta reforma foi o **contexto de recesión económica** que se vive coa crise dos anos trinta e que priva ao Estado dos ingresos necesarios para facer

fronte aos numerosos gastos que implica esta reforma.

- Abordar a **cuestión relixiosa** conlevou unha crise no interior do Goberno Provisional, que se saldou coa dimisión de Niceto Alcalá-Zamora e Miguel Maura. A **Constitución establecería un Estado laico, con separación de Igrexa-Estado e liberdade de cultos**, polo que facía posible unha reforma que foi dirixida por Manuel Azaña, e que alterou o Concordato coa Santa Sede asinado en 1851.

Retirouse o sostemento económico da Igrexa católica, institución que pasou a ser considerada como unha asociación máis que debía solicitar permiso das autoridades gubernamentais se quería saír en procesión. Aprobouse o **matrimonio civil, o divorcio e secularizáronse cemiterios**.

A Igrexa debeu **deixar de impartir docencia** e se lle prohibiu calquera actividade económica. Aínda se decretouse tamén a **disolución da orde dos xesuítas**.

Ademáis destas tres primeiras grandes reformas, houbo outras dúas que levaron máis tempo e tiveron que ser aprobadas xa no ano 1932: a posibilidade por parte das rexións de solicitar ante as Cortes a aprobación dun **Estatuto de autonomía** e tamén a **reforma agraria**.

- A Constitución de 1931 recollía no seu texto que España era un **Estado unitario coa posibilidade de establecer autonomías** naqueles territorios que así o solicitaran. Deste xeito trataban de dar satisfacción ás demandas dos nacionalismos periféricos, en especial ao nacionalismo catalán, que nos primeiros intres da proclamación da República xa se adiantaran a proclamar o Estado catalán, algo que foi freado coa promesa de poñer en marcha as condicións para a autonomía política.

Con este fin fíxanse os **criterios para solicitar a autonomía política: a aceptación por parte da asemblea de municipios pertencentes a esa rexión, a aprobación do Estatuto en referendun por unha maioría dos dous terzos e a presentación do texto ante as Cortes**.

A primeira comunidade en avanzar cara a autonomía foi Cataluña. A intentona de golpe protagonizada por Sanjurjo acelerou o proceso de aprobación despois dun inicio lento e polémico. Aparece así o goberno da Generalitat, co seu parlamento e tribunais de xustiza propios. Cataluña disporía así de autonomía en educación, facenda, transportes e orde pública (creouse o corpo policial dos Mossos de Esquadra). Francesc Maciá, líder de Esquerra Republicana, foi elixido o seu primeiro presidente.

Os seguintes territorios en presentar estatutos para a súa aprobación serían o **País Vasco e**

Galicia, se ben estas dúas comunidades experimentarían un retraso maior polo cambio de goberno despois da vitoria da dereita nas eleccións de novembro de 1933, cando se paralizaron todos procesos de autonomía. Ata xuño e xullo de 1936 non habería un novo impulso, pero no caso galego o estourido da guerra impide que as Costes deliberen na última etapa do Estatuto galego.

- Un dos elementos centrais do amplo proceso reformista impulsado polos gobernos republicanos foi a **reforma agraria**. O seu obxectivo era **facer fronte á desigual distribución da propiedade da terra**, para mellorar a situación do campesiñado e incrementar a produtividade agrícola.

A existencia de amplas masas de campesiños sen terras, de xornaleiros das rexións latifundistas do sur e de pequenos propietarios e arrendatarios ó límite da subsistencia nas rexións norteñas, constituía un problema endémico en España. Por iso a reforma agraria converteuse nunha das principais reivindicacións do campesiñado. Sen embargo, **socialistas e republicanos non se poñían de acordo no tipo de reforma. Para o socialismo estaba debida a oportunidade para colectivizar e socializar a terra, mentres que para os republicanos era o fomento dunha nova clase de propietarios.**

Antes da súa aprobación en 1932, o goberno provisional de Niceto Alcalá-Zamora xa implantara unha serie de leis que aspiraban a mellorar a situación dos traballadores no campo. Entre elas estaba o **decreto de termos municipais**, que obrigaba a priorizar a contratación de xornaleiros do municipio, a **xornada laboral de oito horas**, **os xurados mixtos para dirimir as disputas entre propietarios e xornaleiros**, o **decreto de laboreo forzoso** ou a **prolongación dos contratos de arrendamento**, entre outras medidas. Pola súa banda, a **Lei da Reforma Agraria** regulaba a redistribución da terra, **permitindo ao Estado a expropiación e reparto de terras particulares** nunha serie de supostos. Entre elas estaban as terras incultas ou mal cultivadas, as comunais non explotadas de maneira directa, ou as carentes de rego pola desidia dos seus donos. Posto que a lei tamén prevía a indemnización dos propietarios expropiados, **creouse o Instituto de Reforma Agraria (IRA)** para desenvolver este proceso e facilitar créditos ás familias campesiñas.

A reforma tivo que afrontar grandes problemas, sobre todo, a **radical oposición dos propietarios agrícolas**. Isto provocou o incremento da conflictividade social no campo, especialmente en Andalucía e Estremadura. A complexidade burocrática do proceso e as limitacións orzamentarias fixeron que a reforma se aplicase con grande **lentitude** e que beneficiase a moitos menos campesiños dos previstos. Ademais, como todas as reformas

emprendidas durante o Bienio reformista, o seu desenvolvemento estaría condicionado pola conxuntura política. Así, derogouse durante o Bienio conservador, mentres o triunfo da Fronte Popular nas eleccións de 1936 conlevou o seu restablecemento. Con todo, o levantamento militar do mesmo ano impediu a súa aplicación e calquera intento de reforma.

Todas estas reformas ían contra sectores sociais moi dominantes (Igrexa, terratenentes, patronal, exército) e levantaron moitas protestas por parte dos grupos políticos da dereita. O triunfo nas eleccións de novembro de 1933 da CEDA e dos republicanos radicais significou un freo a estas reformas, que serían retomadas con moita forza desde febreiro de 1936.